



TURISMO
DE
GALICIA

galicia

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Datos provinciais

Xuño 2025



PROVINCIA DE A CORUÑA

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	185.558	5,9%	324.416	6,4%	1,75	0,4%	56,81%	2,69
PENSIÓNS	66.383	-1,4%	94.691	-3,1%	1,43	-1,7%	40,63%	0,05
ESTAB. HOTELEIROS	251.941	3,9%	419.107	4,0%	1,66	0,1%	52,11%	2,04
APTOS. TURÍSTICOS	11.092	6,6%	23.548	-0,4%	2,12	-6,6%	27,32%	-0,24
CAMPINGS	22.582	89,6%	71.414	89,1%	3,16	-0,3%	29,39%	10,96
TURISMO RURAL	10.682	8,6%	15.280	5,4%	1,43	-3,0%	34,67%	5,02
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	44.356	38,0%	110.242	45,2%	2,49	5,3%	-	-
TOTAL	296.297	7,9%	529.349	10,6%	1,79	2,5%	-	-

- Na provincia de A Coruña rexístranse neste mes de xuño algo máis de 296 mil viaxeiros aloxados e máis de 529 mil pernoctacións no conxunto da oferta de aloxamento -hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings e aloxamentos de turismo rural-, cifras que superan os niveis do mesmo período do pasado ano. En particular, crece o número de noites un 10,6% grazas ao crecemento da cifra de viaxeiros aloxados -do 7,9%- nun contexto de certa mellora da estadía media.
- Con este comportamento A Coruña mantén o comportamento positivo da demanda observado nos dous últimos meses, e tamén en xaneiro e febreiro, coa única excepción do descenso rexistrado en marzo. Son, por tanto, tres meses consecutivos -e cinco no que vai de ano- de dinámica positiva. Neste punto o comportamento de A Coruña mellora en tres puntos a media do conxunto de Galicia.
- Co 41,5% do total da comunidade A Coruña é a provincia de maior volume e peso da demanda en Galicia neste mes de xuño. Ocupa este posto por noveno mes consecutivo substituíndo a Pontevedra -a provincia de maior peso de xullo a setembro-, consolidando así a distribución observada nos primeiros meses de 2024. Tal circunstancia é propia, en realidade, dos meses de temporada media e baixa.
- O comportamento positivo da demanda na provincia de A Coruña vén como consecuencia dos crecementos observados en tres tipoloxías de aloxamento. En particular, sobe o volume de noites un 5% nos aloxamentos de turismo rural, un 6% nos hoteis e en case o dobre nos cámpings. Mantense estable nos apartamentos turísticos e descende, en cambio, nas pensións -un 3% neste caso-.
- Neste contexto apréciase que A Coruña é a única provincia con comportamento negativo das pensión e, en paralelo, a única que presenta dinámica positiva nos cámpings e no segmento de turismo rural.



- En A Coruña o 79% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 61% nos hoteis e un 18% nas pensións-. O 21% restante repártese entre as tres modalidades extrahoteleiras, cun peso superior para os cámpings –absorben o 13,5% do total- e algo inferior para os apartamentos turísticos –do 4,4%- e os aloxamentos de turismo rural –co 2,9% do total neste caso-. Esta distribución é propia dun período de temporada media e cambia en relación á observada en temporada baixa no sentido de que gaña peso o segmento non hoteleiro e sobre todo os cámpings. Con todo, os hoteis continúan liderando o mercado turístico na provincia absorbindo seis de cada dez noites.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase que o 57% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional, porcentaxe que inclúe ao mercado interno, dos residentes en Galicia –supón tan só o 16%- e ao receptor nacional, españois que proceden doutras comunidades autónomas –segmento que representa o 41% do total da demanda-. O 43% restante corresponde ao turismo internacional, segmento que por segunda vez consecutiva supera aos dous de orixe nacional.
- Con esta distribución apréciase que en realidade o 84% da demanda na provincia de A Coruña corresponde ao mercado receptor, procedente de fóra de Galicia.
- Neste ámbito concreto apréciase un comportamento variable dos tres grandes segmentos de mercado. Así, neste mes descende levemente o turismo interno –nun 1,3% o número de noites- mais increméntase o receptor –nun 5,4% aquel de orixe nacional e nun 4,8% o internacional-.
- A Coruña é novamente a provincia con menor peso do mercado interno e, en paralelo, a que presenta maior cuota do mercado internacional. En cambio, e por terceira vez consecutiva nos últimos meses, sitúase como a provincia con menor peso do mercado receptor nacional –o turismo procedente do resto do Estado-, co 41% do total-. Absorbe ademais boa parte do turismo estranxeiro en Galicia –o 51% das noites internacionais computan nesta provincia-.
- No ámbito dos apartamentos turísticos obsérvase un comportamento parello a nivel de mercados. Así, a estabilidade global observada nesta tipoloxía débese ao comportamento tamén estable dos dous grandes segmentos de mercado –neste mes apenas varía o turismo de ámbito nacional e descende un 1% o internacional-.
- Con 1,8 noites de estadía media a provincia de A Coruña sitúase neste mes no contorno do valor medio do conxunto da comunidade, superando nun 2,5% o dato do pasado ano. Fica por debaixo da cifra rexistrada en Ourense e Pontevedra, superando en dúas décimas o valor de Lugo.
- Os cámpings –con 3,2 noites de media- rexistran os valores máis elevados de toda a oferta de aloxamento. As restantes modalidades fican ben por encima das dúas noites –caso dos apartamentos turísticos, con 2,1 noites- ou ben por debaixo desa cifra –con 1,8 noites os hoteis e 1,4 noites tanto as pensións como os aloxamentos de turismo rural-.



- En termos comparativos os aloxamentos de turismo rural da provincia de A Coruña rexistran a cifra de estadía media máis baixa de toda a comunidade.
- En termos de ocupación obsérvase unha evolución algo diferente ao observado do lado da demanda. Así, sobe e mellora a porcentaxe do pasado ano en tres tipoloxías: en case tres puntos nos hoteis, en cinco puntos nos aloxamentos de turismo rural en máis de dez puntos nos cámpings -todas como consecuencia dun bo comportamento da demanda-.
- O nivel de ocupación mantense estable en cambio nas pensións e nos apartamentos turísticos -por un comportamento parello en intensidade da oferta e da demanda-.
- Os hoteis rexistran neste mes a cifra de ocupación máis alta cun 56,8% de media. As demais tipoloxías fican no contorno do 40% - caso das pensións- ou por debaixo desa cifra -sendo os apartamentos turísticos os que marcan a porcentaxe máis baixa de toda a oferta de aloxamento cun 27,3% neste caso-.
- Tres modalidades en concreto -os hoteis, os cámpings e os aloxamentos de turismo rural- rexistran en A Coruña o nivel de ocupación máis alto de toda Galicia.



PROVINCIA DE LUGO

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	58.126	18,0%	97.753	13,1%	1,68	-4,1%	49,76%	3,44
PENSIÓNS	45.541	49,6%	57.537	39,3%	1,26	-6,9%	44,84%	7,98
ESTAB. HOTELEIROS	103.667	30,0%	155.290	21,6%	1,50	-6,5%	47,82%	5,05
APTOS. TURÍSTICOS	7.083	0,0%	17.653	0,6%	2,49	0,6%	30,29%	1,92
TURISMO RURAL	4.020	-24,4%	7.522	-7,7%	1,87	22,1%	17,31%	-1,26
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	11.103	-10,5%	25.175	-2,1%	2,27	9,4%	-	-
TOTAL	114.770	24,6%	180.465	17,6%	1,57	-5,6%	-	-

- O INE non ofrece datos de cámpings para a provincia de Lugo. Neste caso o balance global da demanda turística realízase sobre as catro tipoloxías restantes: hoteis, pensións, apartamentos turísticos e establecementos de turismo rural.
- En Lugo rexístranse neste mes de xuño preto de 115 mil viaxeiros aloxados e algo máis de 180 mil pernoctacións no conxunto da oferta de aloxamento considerada, cifras que presentan unha variación parella en relación ao pasado ano. En particular, increméntase o número de noites un 18% como consecuencia dun crecemento da cifra de viaxeiros aloxados, do 25%, nun contexto de descenso da estadía media.
- Neste sentido Lugo sitúase como a provincia de mellor comportamento en termos relativos neste sexto mes de 2025, mellorando en dez puntos a media do conxunto da comunidade.
- O 86% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 54% nos hoteis e un 32% nas pensións-. O 14% restante corresponde ao ámbito non hoteleiro no que destacan claramente os apartamentos turísticos pois absorben o 10% do total –o segmento de turismo rural fica co 4% restante-. Esta distribución cambia levemente en relación á observada nos últimos meses, reforzándose o peso dos apartamentos turísticos aínda que se mantén en esencia o forte peso do segmento hoteleiro.
- O bo comportamento da demanda turística na provincia de Lugo vén como consecuencia dos crecementos observados no ámbito hoteleiro. Así sobe o volume de noites nos hoteis –nun 13%– e de forma destacada nas pensións –case un 40% neste caso-. Mantense



estable a demanda nos apartamentos turísticos e descende unicamente no segmento de turismo rural -un 8% neste caso, porcentaxe non moi elevada-.

- Neste sentido Lugo é a provincia con mellor comportamento relativo da demanda nos hoteis e nas pensións -presenta a taxa de crecemento máis alta de toda Galicia-. Tal circunstancia obsérvase tamén no pasado mes de maio.
- Con datos do sector hoteleiro -que presenta unha dinámica global positiva- apréciase neste mes un comportamento parello da demanda segundo a procedencia. Neste sentido increméntase o turismo dos residentes en Galicia -nun 17% en particular- así como o receptor, o que provén de fóra da comunidade -nun 20% aquel de orixe nacional e nun 28% o internacional-. Neste sentido Lugo é a provincia de mellor comportamento dos tres segmentos de mercado dentro de Galicia, coas subas máis destacada tanto do interno coma do receptor nacional e internacional.
- As diferenzas de intensidade no crecemento dos diferentes mercados leva a pequenos cambios na estrutura da demanda en Lugo en relación ao pasado ano, gañando peso o turismo internacional -en algo máis dun punto porcentual-, manténdose estable o do resto do Estado e perdendo en paralelo o interno -nun punto neste caso-.
- Por terceira vez consecutiva neste ano o mercado receptor nacional sitúase como o segmento de maior volume e peso na provincia, absorbendo o 48% do total das noites hoteleiras. O interno supón o 22% -segmento que nos primeiros tres meses lideraba o mercado turístico na provincia- ficando o 30% restante para o internacional.
- No ámbito dos apartamentos turísticos obsérvase unha dinámica dispar dos dous grandes segmentos de mercado. Así descende neste punto o turismo de ámbito nacional -nun 3%- mais increméntase o internacional -nun 13% neste caso-.
- A estadía media en Lugo descende en relación ao pasado ano -nun 6%- para ficar en 1,6 noites. Neste sentido, e por terceira vez consecutiva agora en 2025, presenta o valor máis baixo de toda Galicia.
- Con 2,5 noites de media os apartamentos turísticos rexistran a cifra máis alta da oferta de aloxamento na provincia. A certa distancia sitúanse as restantes tres modalidades -con 1,9 noites os aloxamentos de turismo rural, 1,7 noites os hoteis e 1,3 noites as pensións-. Os hoteis e as pensións marcan en Lugo o valor da estadía media máis baixo de todas as provincias neste mes de xuño.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento parello ao observado do lado da demanda. Así, increméntase no ámbito hoteleiro -en algo máis de tres puntos nos hoteis e en oito puntos nas pensións-, así como nos apartamentos turísticos -en dous puntos neste caso- e descende, en cambio, no segmento de turismo rural -en algo máis dun punto neste caso-.
- Os hoteis marcan a porcentaxe de ocupación máis alta neste sexto mes do ano, cun 49,8% de media. Cun valor parello inferior pero próximo, co 44,8%, sitúanse as pensións. No lado contrario a cifra máis baixa queda nos aloxamentos de turismo rural, cun 17,3% neste caso. En termos comparativos Lugo rexistra en dúas modalidades -as pensións e os apartamentos turísticos- a porcentaxe de ocupación máis alta de toda Galicia.



PROVINCIA DE OURENSE

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	25.014	-11,4%	51.887	-7,3%	2,07	4,6%	39,50%	-2,87
PENSIÓNS	5.461	30,1%	9.275	7,5%	1,70	-17,4%	18,48%	2,01
ESTAB. HOTELEIROS	30.476	-6,0%	61.162	-5,3%	2,01	0,7%	33,68%	-1,33
APTOS. TURÍSTICOS	1.229	35,2%	2.586	28,3%	2,10	-5,1%	23,21%	5,99
TURISMO RURAL	2.019	-12,3%	3.559	-12,9%	1,76	-0,7%	14,79%	-1,23
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	3.248	1,2%	6.145	0,7%	1,89	-0,5%	-	-
TOTAL	33.724	-5,3%	67.307	-4,8%	2,00	0,6%	-	-

- O INE non ofrece tampouco datos de cámpings para a provincia de Ourense. Neste caso o balance global da demanda turística realízase sobre as catro tipoloxías restantes: hoteis, pensións, apartamentos turísticos e aloxamentos de turismo rural.
- Ourense presenta neste mes un comportamento negativo da demanda turística. Neste sentido, o volume de noites cae un 4,8% como consecuencia da combinación de dous factores: descenso da cifra de viaxeiros aloxados, do 5,3% nun contexto de estabilidade da estadía media. Con isto Ourense rexistra o peor comportamento da demanda en toda Galicia -a única con caída en termos interanuais-.
- Con 34 mil viaxeiros aloxados e máis de 67 mil noites Ourense absorbe o 5,3% do total da demanda de Galicia. Neste sentido é a provincia de menor volume e peso neste mes de xuño, cunha porcentaxe inferior á dos últimos catro meses mais en todo caso algo superior á observada no verán pasado -cando representaba menos do 5% do total-.
- En Ourense o 91% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro -un 77% nos hoteis e un 14% nas pensións-. O 9% restante corresponde ao segmento extrahoteleiro, cun peso similar para os apartamentos turísticos -absorben o 4% do total- fronte ao segmento de turismo rural -representa o 5% neste caso-. Neste sentido Ourense é a provincia con menor peso dos hoteis e, pola contra, maior peso das pensións e dos apartamentos turísticos, a nivel interno. O reparto da demanda entre as diferentes tipoloxías mantense relativamente estable en relación ao observado nos últimos meses, consolidándose o forte peso do segmento hoteleiro - máis da metade das noites en Ourense corresponden só aos hoteis-.



- En termos dinámicos obsérvase un comportamento variable da demanda a nivel das tipoloxías. Neste sentido increméntase o volume de noites nas pensións -nun 7,5%- e nos apartamentos turísticos -nun 28%- mais descende tanto nos hoteis -nun 7%- coma nos aloxamentos de turismo rural -nun 13% neste caso-. Con isto dúas modalidades de aloxamento -os hoteis e aloxamentos de turismo rural- rexistran en Ourense o peor comportamento de toda Galicia, por canto rexistran a taxa de descenso máis elevada.
- Con datos do sector hoteleiro -que absorbe o 91% da demanda- obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado. Neste sentido increméntase unicamente o turismo receptor nacional -españóis procedentes doutras comunidades autónomas, en apenas un 1%- e descende tanto o interno, dos residentes en Galicia -nun 12%- coma o internacional -nun 5% neste caso-. Con isto Ourense colócase como a provincia de peor comportamento relativo do turismo interno neste sexto mes do ano, co descenso de maior intensidade, así como do estranxeiro -a única onde descende este segmento de mercado-.
- Con esta dinámica a estrutura do mercado hoteleiro na provincia cambia levemente en relación ao pasado ano, perdendo peso o interno -en tres puntos porcentuais, para absorber o 37% das noites-, gañando cuota o receptor nacional -tamén en tres puntos, ficando co 48%- e manténdose estable o internacional -co 15% do total da demanda neste caso-.
- No ámbito dos apartamentos turísticos obsérvase un comportamento parello a nivel de mercados. Sobe así o turismo de ámbito nacional -nun 30%- e o internacional -nun 13% neste caso-. O primeiro absorbe o 90% das noites.
- A estadía media en Ourense sitúase en 2,0 noites, cifra que se mantén estable en relación ao pasado ano. Con este dato Ourense marca a segunda cifra máis alta de toda Galicia -só por detrás do valor de Pontevedra-.
- Este mes aprécianse diferenzas no valor da estadía media segundo a tipoloxía de aloxamento. Os hoteis e os apartamentos turísticos marcan o valor máis alto, ambas con 2,1 noites, por diante dos aloxamentos de turismo rural -con 1,8 noites- e das pensións -con 1,7 noites neste caso-. En termos comparativos dúas tipoloxías de Ourense -os hoteis e as pensións- acadan na provincia o valor da estadía media máis elevado de toda Galicia.
- A dinámica dos niveis de ocupación non cambia en relación á observada do lado da demanda. Así mellora nas pensións -en dous puntos porcentuais- e nos apartamentos turísticos -en seis puntos-, mais descende tanto nos aloxamentos de turismo rural -en algo máis dun punto porcentual- coma nos hoteis -en case tres puntos neste caso-.
- Cun 39,5% de media os hoteis rexistran a cifra de ocupación máis elevada da oferta de aloxamento na provincia de Ourense. As restantes tres tipoloxías presentan unha porcentaxe inferior: do 18,5% as pensións, do 23,2% os apartamentos turísticos e do 14,8% os aloxamentos de turismo rural.
- Todas as modalidades de aloxamento -con maior diferenza e distancia as pensións- rexistran en Ourense o nivel de ocupación máis baixo de toda a comunidade.



PROVINCIA DE PONTEVEDRA

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	163.033	1,1%	339.605	0,1%	2,08	-1,0%	48,81%	0,59
PENSIÓNS	24.732	36,8%	36.449	24,0%	1,47	-9,4%	33,00%	7,80
ESTAB. HOTELEIROS	187.765	4,7%	376.054	2,0%	2,00	-2,6%	46,63%	1,71
APTOS. TURÍSTICOS	9.939	-5,2%	30.569	36,9%	3,08	44,4%	26,96%	6,35
CAMPINGS	25.918	-16,1%	81.295	-1,1%	3,14	17,8%	26,29%	-1,37
TURISMO RURAL	4.585	-18,5%	9.616	-6,1%	2,10	15,3%	22,71%	2,42
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	40.442	-13,9%	121.480	5,8%	3,00	23,0%	-	-
TOTAL	228.207	0,9%	497.534	2,9%	2,18	2,1%	-	-

- O comportamento global da demanda turística en Pontevedra equivale ao observado en A Coruña e Lugo. Neste sentido increméntase o volume de noites neste sexto mes do ano -nun 3%- como consecuencia dunha mellora da estadía media -do 2%- nun contexto de certa estabilidade da cifra de viaxeiros aloxados -sobe en realidade menos do 1% interanual-. Tal circunstancia leva ao conxunto dos aloxamentos turísticos da provincia a situarse tamén por encima dos niveis de 2019.
- O volume global de demanda sitúase preto do medio millón de noites, o 39% do total da comunidade. Neste sentido Pontevedra sitúase como a segunda provincia de maior peso en Galicia a pouca distancia de A Coruña -logo de liderar o mercado turístico da comunidade no terceiro trimestre do pasado ano-. Ambas absorben o 81% do total das noites de Galicia -porcentaxe algo superior á dos últimos meses-.
- Increméntase a demanda na provincia como consecuencia do comportamento positivo observado en dúas tipoloxías de aloxamento. Así, sobe o número de noites nas pensións -nun 24%- e nos apartamentos turísticos -nun 37% neste caso-. Mantense estable nos hoteis e descende, en cambio, nos cámpings -nun 1%- e no segmento de turismo rural -nun 6% neste caso-. Apréciase, por tanto, un comportamento variable en dirección e intensidade nas diferentes modalidades de aloxamento.
- En Pontevedra concéntrase o crecemento de maior intensidade dos apartamentos turísticos de toda Galicia e paralelamente a única caída de toda a comunidade no segmento dos cámpings.




- O 76% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, cifra que engloba aos hoteis –absorben o 68%- e ás pensións –co 8% neste caso-. O 24% restante queda no segmento extrahoteleiro, con maior peso dos cámpings –absorben o 16,3% do total- fronte aos apartamentos turísticos –co 6,1%- e os aloxamentos de turismo rural –co 1,9% neste caso-.
- Con isto sete de cada dez noites rexístranse nunha soa modalidade –os hoteis-, de aí que o seu comportamento teña unha notable influencia na dinámica global. En cambio, Pontevedra é a provincia con menor peso das pensións e dos aloxamentos de turismo rural.
- A nivel de mercados, dentro do ámbito hoteleiro, rexístrase un comportamento algo diferente ao observado nas restantes provincias. Neste sentido descende agora en xuño o turismo receptor nacional, españois residentes fóra de Galicia –nun 4%- e increméntase, en paralelo, o interno –apenas nun 2%- e sobre todo o internacional –nun 12% neste caso-.
- A diferenza de comportamento e intensidade nas variacións da demanda provoca cambios na estrutura da mesma. Así neste mes cae o peso do mercado receptor nacional –en case tres puntos-, mantense estable o interno e increméntase o internacional –en tres puntos neste caso-.
- Así, o segmento de maior peso na provincia continúa a ser o receptor nacional –españois procedentes doutras comunidades autónomas-, que supoñen o 48% do total da demanda hoteleira. O mercado internacional representa o 32% ficando o 21% restante para o interno. En consecuencia neste mes, e por terceira vez consecutiva, o mercado estranxeiro supera ao interno na provincia. Con esta estrutura Pontevedra fica por debaixo de A Coruña en peso do turismo internacional dentro da estrutura da demanda, absorbendo o 34% do total de Galicia.
- No lado dos apartamentos turísticos, segmento no que o turismo nacional supón o 70% do total das noites, o comportamento dos dous segmentos de mercado é dispar. Crece así o turismo de ámbito nacional –nun 67%- e descende, en cambio, o internacional –nun 4% neste caso-.
- A estadía media nos aloxamentos colectivos de Pontevedra sitúase en 2,2 noites, cifra superior á media da comunidade e que, en realidade, colócase como a máis alta de todas as provincias. En termos dinámicos a estadía increméntase en relación ao pasado ano –nun 2%- mais descende en comparación co 2019 –nun 3% neste caso-.
- Neste contexto a estadía media varía levemente segundo a modalidade de aloxamento. En particular, supera as tres noites nos apartamentos turísticos e nos cámpings –ambas rexistran arredor de 3,1 noites de media-, mantense levemente por encima das dúas noites nos hoteis e aloxamentos de turismo rural, e fica por debaixo desa barreira unicamente nas pensións –con 1,5 noites neste caso-.
- Os apartamentos turísticos e os aloxamentos de turismo rural presentan en Pontevedra a cifra de estadía media máis alta de toda Galicia. Os hoteis e os cámpings rexistran tamén os valores máis altos pero compartidos con Ourense no primeiro caso e con A Coruña no segundo.




- En termos de ocupación obsérvase neste mes un comportamento variable e non sempre parello ao rexistrado do lado da demanda. Así, sobe e mellora as cifras do pasado ano en tres modalidades -en case oito puntos nas pensións, en algo máis de seis puntos nos apartamentos turísticos e en máis de dous puntos no segmento de turismo rural-, mantense relativamente estable nos hoteis e descende unicamente nos cámpings -en algo máis dun punto neste caso-.
- Tamén en Pontevedra os hoteis rexistran o nivel de ocupación máis elevado da oferta colectiva cun 48,8% de media. No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase no aloxamento extrahoteleiro, concretamente no segmento de turismo rural -co 22,7% neste caso-.
- En termos comparativos obsérvase que os cámpings presentan en Pontevedra a porcentaxe de ocupación máis baixa de todas as provincias.




Reparto da demanda turística nos alox. colectivos. Noites xuño 2025



Variación da demanda turística nos alox. colectivos. Noites xuño 2025/24



Reparto da demanda por tipoloxías, en cada provincia. Noites xuño 2025



Estadía media, por tipoloxía e provincia. Xuño 2025

